



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución idioma 1, III: Francés-Galego

Materia	Tradución idioma 1, III: Francés- Galego			
Código	V01G230V01607			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Marta Rodríguez, Valentina			
Profesorado	Marta Rodríguez, Valentina			
Correo-e	vmarta@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo primordial desta materia reside en adquirir as estratexias e as técnicas da tradución cara á lingua estranxeira, así como desenvolver a pericia de traducir textos procedentes do mercado profesional da tradución inversa non especializada.			

## Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE30	Coñecemento de idiomas
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Iniciar á tradución de textos gl>fr e mellorar a competencia na práctica da tradución.	CB2	CE4	CT4
Desenvolveranse competencias tales como a adquisición dun método persoal de traballo orientado ás necesidades da tradución gl>fr, a identificación de erros e a xestión das súas consecuencias e a mellora do grao de concentración nas tarefas encomendadas.	CB3	CE8	CT7
	CB5	CE17	CT13
		CE18	CT16
		CE22	CT18
		CE24	CT22
Mellorar a competencia escrita en lingua francesa.	CB1	CE1	CT2
	CB5	CE2	CT15
		CE4	
		CE30	
Coñecer as condicións do mercado profesional da tradución gl>fr. Desenvolveranse competencias encamiñadas a adquirir e empregar a metalinguaxe propia do habitus profesional da tradución no espazo francófono, e a tomar decisións axeitadas a un contexto profesional.	CB2	CE22	CT7
	CB5	CE24	CT8
			CT13
			CT15
			CT16
			CT22
Afondar no autoconhecimento e na confianza nun mesmo. Desenvolveranse competencias encamiñadas a coñecer a capacidade de traballo real e avaliar e controlar o grao de autoexplotación.	CB2	CE17	CT4
	CB3	CE22	CT8
	CB4		CT15
			CT16

## Contidos

Tema	
Unidade 1. A tradución inversa.	Características da tradución inversa. Tradución e cultura. Estratexias de transvasamento na tradución galego-francés.
Unidade 2. Fontes de documentación para a tradución galego-francés.	Fontes de documentación. A figura do tradutor. O mercado laboral da tradución galego-francés.
Unidade 3. Análise da tipoloxía textual, problemas de transvasamento, factores que interveñen, propostas de tradución e a súa xustificación.	3.1. Textos instrutivos 3.2. Textos turísticos 3.3. Textos xornalísticos 3.4. Outros textos editoriais

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo previo	0	12	12
Lección maxistral	10	22	32
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminario	2	0	2
Resolución de problemas de forma autónoma	0	20	20
Traballo tutelado	8	0	8
Resolución de problemas	30	0	30
Traballo	0	30	30
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo previo	Lectura e análise da bibliografía obrigatoria.
Lección maxistral	Nestas sesións introduciranse os puntos teóricos que se implementarán mediante diferentes tarefas dentro e fóra da aula para que o alumno adquira e mellore as súas competencias.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial dedicarase a explicar os obxectivos, temario, avaliación e metodoloxía docente. Uso de Moovi. É responsabilidade do alumnado consultar as novidades e os materiais e estar atento ás probas e tarefas solicitadas.
Seminario	As titorías en grupos permitirán o comentario ou revisión das encomendas e entregas obrigatorias.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os aspectos teóricos exercitaranse mediante a realización de diferentes tarefas dunha maneira individual e na casa.
Traballo tutelado	Formularanse tarefas de todo tipo en base aos obxectivos e competencias pertinentes, o que lle permitirá ao alumno fomentar o espírito crítico, o traballo en equipo e a súa propia aprendizaxe.
Resolución de problemas	En grupos ou en parellas os alumnos terán que realizar diversas tarefas para implementar os coñecementos teóricos.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodoloxías</b>	<b>Descrición</b>
Seminario	En grupo ou individual para solucionar problemas ou resolver dúbidas.
Traballo tutelado	Adquisición e consolidación dos coñecementos de forma práctica.

<b>Avaliación</b>					
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas de forma autónoma	Lecturas obrigatorias individuais (10%).	10	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE2 CE4 CE24	CT4 CT8 CT15 CT18
Traballo	Realización de dúas encomendas de tradución individuais (50%).	50	CB2	CE1 CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE24 CE30	CT4 CT7 CT8 CT15 CT16 CT18 CT22
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame final da materia (40%).	40	CB5	CE1 CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE24 CE30	CT4 CT7 CT8 CT15 CT16 CT18

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### CONVOCATORIA DA PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (MAIO-XUÑO DE 2021)

##### Avaliación única

O alumnado de avaliación única deberá presentarse na aula na data oficial de exame fixada polo Vicedecanato de Organización Académica. Este exame consistirá nunha tradución gl>fr con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota. A non ser que o equipo docente sinalo o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica para a realización da proba. No caso de que a docencia se imparta polas modalidades non presencial ou mixta, o exame se desenvolverá telematicamente e a súa duración será de 2 horas.

O alumnado de avaliación única que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado como non presentado. O alumnado de avaliación única que por razóns xustificadas ou polas súas circunstancias laborais non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle ao equipo docente a súa intención de presentarse. Nese caso o equipo docente lle comunicará por vía telemática as instrucións a seguir para que se poida presentar con normalidade.

#### CONVOCATORIA DA SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO-XULLO DE 2021)

##### Avaliación única

O alumnado de avaliación única deberá presentarse na aula na data oficial de exame fixada polo Vicedecanato de Organización Académica. Este exame consistirá nunha tradución gl>fr con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota. A non ser que o equipo docente sinalo o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica para a realización da proba. No caso de que a docencia se imparta polas modalidades non presencial ou mixta, o exame se desenvolverá telematicamente e a súa duración será de 2 horas.

O alumnado de avaliación única que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado como non presentado. O alumnado de avaliación única que por razóns xustificadas ou polas súas circunstancias laborais non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle ao equipo docente a súa intención de presentarse. Nese caso o equipo docente lle comunicará por vía telemática as instrucións a seguir para que se poida presentar con normalidade.

##### Avaliación continua

O alumnado de avaliación continua que non aprobase na convocatoria da primeira edición de actas deberá presentarse na aula na data oficial de exame fixada polo Vicedecanato de Organización Académica. Este exame consistirá nunha tradución gl>fr con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota. A non ser que o equipo docente sinalo contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica para a realización da proba. No caso de que a docencia se imparta polas modalidades non presencial ou mixta, o exame se desenvolverá telematicamente e a súa duración será de 2 horas.

O alumnado de avaliación única que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado como non presentado. O alumnado de avaliación única que por razóns xustificadas ou polas súas circunstancias laborais non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle ao equipo docente a súa intención de presentarse. Nese caso o equipo docente lle comunicará por vía telemática as instrucións a seguir para que se poida presentar con normalidade.

## OUTROS COMENTARIOS

### Presencialidade

Enténdese que o alumnado que se acolle ao sistema de avaliación continua ten que poder asistir ás clases de forma regular. O docente poderá excluír do sistema de avaliación continua aquel alumnado que de forma non xustificada falte a máis de tres sesións no cuadrimestre. O alumnado excluído do sistema de avaliación continua pasará a avaliarse polo sistema de avaliación única.

O alumnado que desexe cursar a materia en réxime de avaliación continua pero por razóns xustificadas ou polas súas circunstancias laborais non poida asistir ás clases presenciais deberá comunicarlle estas circunstancias ao equipo docente. Este arbitrará outros sistemas de control da participación na materia mediante traballos de curso con prazos en Moovi.

### Plaxio

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

### Corrección lingüística

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

### Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

DELISLE, Jean, LEE-JAHNKE, Hannelore & CORMIER, Monique (dirs.), **Terminoloxía da tradución**, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.,

FERNÁNDEZ OCAMPO, Anxo, **Overview of Non-Mother Tongue Translation from Galician**, SNELL-HORNBY, M. et. al. Translation into Non-Mother Tongues. Stauffenburg: Studien zur Translation,

GILE, Daniel, **La traduction. La comprendre, l'apprendre.**, París: PUF.,

GOUADEC, Daniel, **Le traducteur, la traduction et l'entreprise.**, París: AFNOR.,

KIRALY, Donald, **A Social Constructivist Approach to Translator Education. Empowerment from Theory to Practice.**, Manchester: Saint Jerome Publishing Company.,

Office québécois de la langue française, **Le grand dictionnaire terminologique.**,  
<http://www.gdt.oqlf.gouv.qc.ca/index.aspx>,

### **Bibliografía Complementaria**

BUJÁN FRA, Ana, "**Norma e investigación sobre a tradución xurada**", *Viceversa*, 14, 43-53.,

HARGUINDEY BANET, Henrique, **La Galice. Dez séculos de olladas francesas.**, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.,

KELLY, Dorothy, **The translation of texts from the tourist sector: textual conventions, cultural distance and other constraints**, *Trans*, 2, 33-42.,

Office québécois de la langue française, **Banque de dépannage linguistique.**,  
<http://www.oqlf.gouv.qc.ca/ressources/bdl.html>,

SAN GINÉS AGUILAR, P. e ORTEGA ARJONILLA, E., **Introducción a la traducción jurídica y jurada (francés-español).**, Granada: Editorial Comares.,

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

---

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Galego/V01G230V01933

Tradución idioma 2, III: Francés-Galego/V01G230V01611

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404

Tradución idioma 1, II: Francés-Galego/V01G230V01504

---

### **Plan de Continxencias**

---

#### **Descrición**

---

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Na aplicación do plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono, o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen ou que se modifican

As actividades introdutorias, as leccións maxistras, as actividades de aprendizaxe baseadas en proxectos e a aprendizaxe colaborativa impartiranse tanto no modo síncrono como asíncrono. Non se establecerá ningunha preferencia entre estes dous modos; cada docente poderá escoller o modo que mellor se axeita ó tipo de contidos que imparte, e alternar o seu uso aproveitando a eficacia didáctica de cada modo.

Dado que a aprendizaxe colaborativa se vería especialmente afectada pola falta de presencialidade inter pares, o equipo docente prestará o seu apoio caso por caso e modificará os prazos das actividades para manter a igualdade de oportunidades para cada estudante.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Impartirase o tempo fixado pola normativa, pero os horarios de titorías pasarán a ser móbiles para poder adaptarse ó ritmo dos grupos e de cada estudante, sempre de luns a venres dentro do marco horario convencional. As titorías convocaranse no despacho virtual de cada docente da materia.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Os contidos non se modifican.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Coa previsión de que non sexa posible o acceso a bibliotecas e a espazos de consulta, o equipo docente proverá dende o inicio do curso o estudantado con referencias, textos e materiais electrónicos que equivalen ás lecturas previstas para ese curso. Ditos materiais estarán accesibles na rede, ou serán conservados e subidos a faitic polo equipo docente.

\* Outras modificacións

Non hai outras.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

O sistema de avaliación enunciado no apartado correspondente desta guía é compatible cunha situación de non presencialidade, ou está directamente deseñado como non presencial. O apartado explica como converter en non presencial a proba da avaliación que nun principio require presencialidade.

---